



CONCELLO

de

36470 SALCEDA DE CASELAS

(Pontevedra)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO VALOR DE TERREOS DE NATUREZA URBANA.

ARTIGO 1º.-

De conformidade co disposto nos artigos 15. 1 e 16.1 en relación cos artigos 59.2 e 104 ó 110 do RD 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, modifícase o imposto sobre o incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE.-

1.- O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana é un tributo directo.

2. Constitúe o feito imponible do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana que experimenten os terreos de natureza urbana do termo municipal do concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión de propiedade dos mesmos por calquera título ou da constitución, ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

Dan lugar a realización do feito imponible:

- Todo tipo de transmisións de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.
- Todo tipo de constitucións e transmisións de dereitos reais de goce limitativo de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.

ARTIGO 3.- TERREOS DE NATUREZA URBANA.-

1. Está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de terreos de natureza urbana a efectos do Imposto sobre bens inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón daquel.

2. Está así mesmo suxeito a efectos deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do imposto sobre bens inmobles.

ARTIGO 4.- NON SUXEICIÓN.-



CONCELLO

de

36470 SALCEDA DE CASELAS

(Pontevedra)

1. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor dos terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do imposto sobre bens inmobles.

2. Non están suxeitos a este imposto os supostos de contribución de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicación que ó seu favor e en pago delas se verifique e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3. Tampouco están suxeitos ó imposto os supostos de transmisións de bens entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias, nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial.

ARTIGO 5.- EXENCIONES.-

OBXECTIVAS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencias de:

- a) Constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.
- b) A transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico Artístico, ou teñan sido declaradas individualmente de interese cultural, segundo o establecido na LEi 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico español, cando seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación de ditos inmobles nos cinco anos inmediata, ente anteriores ó devengo do imposto.

Para poder gozar desta exención, os suxeitos pasivos deberán solicitala de forma expresa no prazo de declaración do imposto, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un desembolso efectivo que iguale ou supere o valor catastral asignado ó inmovible no momento do devengo do imposto.

Achegarán ademais a seguinte documentación:

- Licenza municipal ou orde de execución.
 - Copia de liquidación da taxa de obra.
 - Copia da liquidación do ICIO.
 - Presuposto de execución material.
 - Certificado de final de obra.
- c) Non se devengará este imposto nas transmisións de terreos e natureza urbana derivadas de operacións as cales resulte de aplicable o réxime especial de fusións, escisións, aportacións de ramas de actividade ou aportacións non dinerarias especiais a excepción dos terreos que se aporten ó beiro do que se prevé no artigo 94 o real decreto legislativo 4/2004, do 5



CONCELLO
de
36470 SALCEDA DE CASELAS
(Pontevedra)

de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei imposto de Sociedades, cando non estean integrados nunha rama de actividade.

- d) Non se devengará este imposto nas transmisións de terreos e natureza urbana que se realicen como consecuencias das operacións relativas ós procesos de adscrición a unha sociedade anónima deportiva de nova creación, sempre que se axusten as normas da lei 10/1990, do 15 de outubro, de deporte e ó real decreto 1084/1991, do 5 de xullo, sobre Sociedades Anónimas deportivas.
- e) A constitución da Xunta de compensación por aportación dos propietarios da Unidade de execución, no caso en que ó o dispuxeran os Estatutos, ou en virtude de expropiación forzosa, e as adxudicacións de solares que se efectúen a favor dos propietarios membros de ditas xuntas en proporción ós terreos incorporados por aqueles, consonte o artigo 159.4 do texto refundido do 26 de xuño de 1992 sobre o Réxime do solo e Ordenación Urbana.

SUBXECTIVAS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición do suxeito pasivo recaía sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado e os seus organismos autónomos.
- b) A Comunidade Autónoma de Galicia, e a Deputación provincial de Pontevedra, así como os organismos autónomos do estado e as Entidades de dereito público análogo carácter da Comunidade Autónoma galega e da Deputación Provincial de Pontevedra.
- c) O municipio de Salceda de Caselas.
- d) As institucións que teñan a calificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- e) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisións dos seguros Privados.
- f) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectados as mesmas.
- g) A cruz Vermella española.
- h) As persoas ou entidades en cuio favor se recoñecera a exención en Tratados ou convenios internacionais.

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

1.- Gozarán dunha bonificación 50 por 100 na cota integral do imposto de transmisión da vivenda habitual do causante realizada a título lucrativo o causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes e adoptantes.

A estos efectos se entende por vivenda habitual aquela que o sexa de acordo coas normas do IRPF, o cal deberán acreditar con copia da declaración do IRPF do



CONCELLO
de
36470 SALCEDA DE CASELAS
(Pontevedra)

último exercicio onde conste a referencia catastral do inmovible. Está bonificación deberá ser solicitada polos herdeiros.

ARTIGO 7.- SUXEITOS PASIVOS.-

1.E suxeito pasivo deste imposto a título de contribuínte:

- a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, que adquira o terreo ou en cuio favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nas transmisións de terreos ou na constitución e transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. No suposto a que se refire o parágrafo b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou en cuio favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

ARTIGO 8.- BASE IMPOÑIBLE

1.A base imponible deste imposto está constituída polo incremento de valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de 20 anos.

2. Para determinar o importe do incremento real a que se refire o apartado anterior, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo a porcentaxe que corresponda en función do número de anos durante os que se señora dito incremento.

3. A Porcentaxe anteriormente citada será a que resulte de multiplicar o número de anos no apartado 2 do presente artigo polo seguinte porcentaxe anual que será o seguinte:

Incremento de valor serrados nos seguintes períodos

- Período: de 1 ata 5 anos: 2,7
- Período: ata 10 anos. 2,5
- Período: ata 15 anos: 2,3
- Período: ata 20 anos: 2



CONCELLO
de
36470 SALCEDA DE CASELAS
(Pontevedra)

Os efectos de determinar o período de tempo no que se xenerou o incremento de valor, tomarase os anos completos transcorridos entre a data anterior de adquisición de terreo de que se trate ou da constitución ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio sobre o mesmo e a produción do feito impositivo deste imposto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano.

En ningún caso o período de xeración será inferior a un ano.

4. Os efectos de determinar a base impositiva do imposto terase en conta o valor do terreo no momento do devengo, de acordo coas seguintes regras.

a) Nas transmisións de terreos de natureza urbana suxeitos a este imposto, considerarase como valor do mesmo ó tempo do devengo deste, ó que teñan fixado, en dito momento, ós efectos do imposto sobre Bens Inmóveis.

No obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflicte modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade a aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto, con arranxo ó mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obteña consonte ós procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido a data de devengo. Cando esta data non coincidan ca efectividade dos novos valores catastrais, este corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidas ó efecto nas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aén sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento do devengo do imposto, non teña determinado valor catastral en dito momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento do devengo.

c) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio, sobre os terreos de natureza urbana, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor definido no apartado anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante as normas fixadas a efectos do imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, que se transmiten a continuación:

Primeiro.- No caso de constituírse un de dereito de usufructo temporal o seu valor equivalerá a un 2 por 100 do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poda exceder do 70 por 100 de dito valor catastral.

Segunda.- se o usufructo fose vitalicio, o seu valor no caso de que o usufructuario tivera menos de vinte anos, será equivalente ó 70 por 100 do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1 por 100 por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite do 10 por 100 do expresado valor catastral.



CONCELLO

de

36470 SALCEDA DE CASELAS

(Pontevedra)

Terceira.- Se o usufructo establécese a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos considerarase como unha transmisión de propiedade plena de terreo ó tempo de dita transmisión.

Cuarta.- Cando se transmita un dereito de usufructo xa existente, os porcentaxes expresados na regras primeira, segunda e terceira anteriores, aplicarase sobre o valor catastral do terreo ó tempo de dita transmisión.

Quinta.- Cando se transmita o dereito de nuda propiedade, o seu valor será igual a diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufructo, calculado segundo as regras anteriores.

Sexta.- O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulta de aplicar o 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituían tales dereitos, as regras correspondentes a valoración de usufructos temporais ou vitalicios segundo os casos.

Sétima.- Na constituicións ou transmisións de calesquera outros dereitos de goce limitativos do dominio distintos dos enumerados nas regras anteriores deste artigo e no seguinte constituílos, considerarase como valor dos mesmos, ós efectos deste imposto o seguinte:

- Se o capital, prezo ou valor pactado ó constituílos, se fose igual ou maior que o resultado de capitalización ó xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.
- Se o capital, prezo ou valor pactado ó constituílos, se fose menor que o resultado de capitalización ó xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual, considerarase como valor de resultado.

c) Na constituición ou transmisión de dereito de elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou o dereito a realizar construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión, ou no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie e o volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiación forzosa a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, salvo que o valor definido no apartado a) fose inferior, en cuio caso prevalecerá este último sobre o xustiprezo.

ARTIGO 9.- COTA .-



CONCELLO

de

36470 SALCEDA DE CASELAS

(Pontevedra)

Será o resultado de aplicar á base impositiva determinada no artigo anterior o tipo de gravame do 22 por 100.

ARTIGO 10.- DEVENGO.-

1. O imposto se devenga:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos o por causa de morte, na data de transmisión.
- c) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme haber tido lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito a devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle houbera producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando no se xustifique que os interesados deberán as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Anque o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigacións do suxeito pasivo do imposto, no haberá lugar a devolución.

3. Se o contrato queda sen efectos por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como al mutuo acordo estimarase o acordo n acto de conciliación e simple conformidade coa demanda.

4. Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme as preescripcions contidas co Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que ésta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto, a reserva, ando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.

ARTIGO 11.- XESTIÓN.-

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no concello declaración-liquidación por este imposto contendo os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedendo debendo efectuarse o pago simultaneamente no mesmo acto da presentación da liquidación.

2. Os prazos para presentar a declaración a realizar o correspondente ingreso serán:



CONCELLO

de

36470 SALCEDA DE CASELAS

(Pontevedra)

- Cando se traten de actos intervivos, o prazo será de 30 días hábiles.
- Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de 6 meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.

3. Á declaración acompañáraselle o documento no que consten os actos ou contratos que orixinen a imposición e calquera outro xustificativo, no seu caso, das exencións, ou bonificacións que o suxeito pasivo reclame como beneficiario. Asemade deberá adxuntar copia do último recibo satisfeito do I.B.I, relativo á finca ou inmovible transmitido.

4. Están obrigados a comunicar ó concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

- Nas transmisións e nas constituicións de dereitos reais de goce limitativo de dominio a título lucrativo intervivos, o donante ou persoa que constituía ou transmite o dereito.
- Nas transmisións e nas constituicións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmite o dereito real de que se trate.

5. Os notarios están obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que conterían os feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización dos feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación de documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lle fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen perxuízo do deber xeral de colaboración previsto na Lei Xeral tributaria.

ARTIGO 12.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.-

No relativo á cualificacións de Infraccións tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, e restante normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 13.- DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Salceda de Caselas, 17 de novembro de 2005

**E) ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO VALOR
DE TERREOS DE NATUREZA URBANA**

ARTIGO 1.—OBXECTO

De conformidade co disposto nos artigos 15. 1 e 16.1 en relación cos artigos 59.2 e 104 ó 110 do RD 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, modifícase o Imposto sobre o incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana é un tributo directo.

2. Constitúe o feito imponible do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana que experimenten os terreos de natureza urbana do termo municipal do concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión de propiedade dos mesmos por calquera título ou da constitución, ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

Dan lugar a realización do feito imponible:

- Todo tipo de transmisións de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.
- Todo tipo de constitucións e transmisións de dereitos reais de goce limitativo de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.

ARTIGO 3.—TERREOS DE NATUREZA URBANA

1. Está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de terreos de natureza urbana a efectos do Imposto sobre bens inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón daquel.

2. Está así mesmo suxeito a efectos deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do imposto sobre bens inmobles.

ARTIGO 4.—NON SUXEICIÓN

1.—Non está suxeito a este imposto o incremento de valor dos terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do imposto sobre bens inmobles.

2.—Non están suxeitos a este imposto os supostos de contribución de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudica-

ción que ó seu favor e en pago delas se verifique e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3.—Tampouco están suxeitos ó imposto os supostos de transmisións de bens entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias, nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial.

ARTIGO 5.—EXENCIÓNS

5.1 OBXECTIVAS:

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencias de:

- a) Constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.
- b) A transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico Artístico, ou teñan sido declaradas individualmente de interese cultural, segundo o establecido na LEi 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico español, cando seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación de ditos inmobles nos cinco anos inmediata, ente anteriores ó devengo do imposto.

Para poder gozar desta exención, os suxeitos pasivos deberán solicitala de forma expresa no prazo de declaración do imposto, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un desembolso efectivo que iguale ou supere o valor catastral asignado ó inmovible no momento do devengo do imposto.

Achegarán ademais a seguinte documentación:

- Licenza municipal ou orde de execución.
 - Copia de liquidación da taxa de obra.
 - Copia da liquidación do ICIO.
 - Presuposto de execución material.
 - Certificado de final de obra.
- c) Non se devengará este imposto nas transmisións de terreos e natureza urbana derivadas de operacións as cales resulte de aplicable o réxime especial de fusións, escisións, aportacións de ramas de actividade ou aportacións non dinerarias especiais a excepción dos terreos que se aporten ó beiro do que se prevé no artigo 94 o real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei imposto de Sociedades, cando non estean integrados nunha rama de actividade.
 - d) Non se devengará este imposto nas transmisións de terreos e natureza urbana que se realicen como consecuencias das operacións relativas ós procesos de adscrición a unha so-

cidade anónima deportiva de nova creación, sempre que se axusten as normas da lei 10/1990, do 15 de outubro, de deporte e ó real decreto 1084/1991, do 5 de xullo, sobre Sociedades Anónimas deportivas.

- e) A constitución da Xunta de compensación por aportación dos propietarios da Unidade de execución, no caso en que ó o dispuxeran os Estatutos, ou en virtude de expropiación forzosa, e as adjudicacións de solares que se efectúen a favor dos propietarios membros de ditas xuntas en proporción ós terreos incorporados por aqueles, consonte o artigo 159.4 do texto refundido do 26 de xuño de 1992 sobre o Réxime do solo e Ordenación Urbana.

5.2.—SUBXECTIVAS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición do suxeito pasivo recaía sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado e os seus organismos autónomos.
- b) A Comunidade Autónoma de Galicia, e a Deputación provincial de Pontevedra, así como os organismos autónomos do estado e as Entidades de dereito público análogo carácter da Comunidade Autónoma galega e da Deputación Provincial de Pontevedra.
- c) O municipio de Salceda de Caselas.
- d) As institucións que teñan a calificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- e) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisións dos seguros Privados.
- f) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectados as mesmas.
- g) A cruz Vermella española.
- h) As persoas ou entidades en cuio favor se recoñecera a exención en Tratados ou convenios internacionais.

ARTIGO 6.—BONIFICACIÓNS

1.—Gozarán dunha bonificación 50 por 100 na cota integral do imposto de transmisión da vivenda habitual do causante realizada a título lucrativo o causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes e adoptantes.

2.—A estos efectos se entende por vivenda habitual aquela que o sexa de acordo coas normas do IRPF, o cal deberán acreditar con copia da declaración do IRPF do último exercicio onde conste a referencia catastral do inmovible. Está bonificación deberá ser solicitada polos herdeiros.

ARTIGO 7.—SUXEITOS PASIVOS

1.—E suxeito pasivo deste imposto a título de contribuínte:

- a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, que adquira o terreo ou en cuio favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nas transmisións de terreos ou na constitución e transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2.—No suposto a que se refire o parágrafo b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou en cuio favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

ARTIGO 8.—BASE IMPOÑIBLE

1.—A base imponible deste imposto está constituída polo incremento de valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de 20 anos.

2.—Para determinar o importe do incremento real a que se refire o apartado anterior, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo a porcentaxe que corresponda en función do número de anos durante os que se señora dito incremento.

3.—A Porcentaxe anteriormente citada será a que resulte de multiplicar o número de anos no apartado 2 do presente artigo polo seguinte porcentaxe anual que será o seguinte:

Incremento de valor serrados nos seguintes períodos

Período: de 1 ata 5 anos: 2,7

Período: ata 10 anos: 2,5

Período: ata 15 anos: 2,3

Período: ata 20 anos: 2

Os efectos de determinar o período de tempo no que se xenerou o incremento de valor, tomarase os anos completos transcorridos entre a data anterior de adquisición de terreo de que se trate ou da constitución ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio sobre o mesmo e a produción do feito imponible deste im-

posto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano. En ningún caso o período de xeración será inferior a un ano.

4.—Os efectos de determinar a base imponible do imposto terase en conta o valor do terreo no momento do devengo, de acordo coas seguintes regras.

- a) Nas transmisións de terreos de natureza urbana suxeitos a este imposto, considerarase como valor do mesmo ó tempo do devengo deste, ó que teñan fixado, en dito momento, ós efectos do imposto sobre Bens Inmóveis.

No obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflicte modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade a aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto, con arranxo ó mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obteña consonte ós procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido a data de devengo. Cando esta data non coincidan ca efectividade dos novos valores catastrais, este corríxirase aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidas ó efecto nas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

- b) Cando o terreo, aún sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento do devengo do imposto, non teña determinado valor catastral en dito momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento do devengo.
- c) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio, sobre os terreos de natureza urbana, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor definido no apartado anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante as normas fixadas a efectos do imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, que se transmiten a continuación:

Primeiro.—No caso de constituírse un dereito de usufructo temporal o seu valor equivalerá a un 2 por 100 do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poda exceder do 70 por 100 de dito valor catastral.

Segunda.—Se o usufructo fose vitalicio, o seu valor no caso de que o usufructuario tivera menos de vinte anos, será equivalente ó 70 por 100 do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1 por 100 por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite do 10 por 100 do expresado valor catastral.

Terceira.—Se o usufructo establécese a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos considerarase como unha transmisión de propiedade plena de terreo ó tempo de dita transmisión.

Cuarta.—Cando se transmita un dereito de usufructo xa existente, os porcentaxes expresados nas regras primeira, segunda e terceira anteriores, aplicarase sobre o valor catastral do terreo ó tempo de dita transmisión.

Quinta.—Cando se transmita o dereito de nuda propiedade, o seu valor será igual a diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufructo, calculado segundo as regras anteriores.

Sexta.—O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulta de aplicar o 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituán tales dereitos, as regras correspondentes a valoración de usufructos temporais ou vitalicios segundo os casos.

Sétima.—Na constituicións ou transmisións de calesquera outros dereitos de goce limitativos do dominio distintos dos enumerados nas regras anteriores deste artigo e no seguinte constituílos, considerarase como valor dos mesmos, ós efectos deste imposto o seguinte:

- Se o capital, prezo ou valor pactado ó constituílos, se fose igual ou maior que o resultado de capitalización ó xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.
 - Se o capital, prezo ou valor pactado ó constituílos, se fose menor que o resultado de capitalización ó xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual, considerarase como valor de resultado.
- d) Na constituición ou transmisión de dereito de elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou o dereito a realizar construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión, ou no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie e o volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.
- e) Nos supostos de expropiación forzosa a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, salvo que o valor definido no apartado a) fose inferior, en cuio caso prevalecerá este último sobre o xustiprezo.

ARTIGO 9.—COTA

Será o resultado de aplicar á base impositiva determinada no artigo anterior o tipo de gravame do 22 por 100.

ARTIGO 10.—DEVENGO

1.—O imposto se devenga:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos o por causa de morte, na data de transmisión.
- b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2.—Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme haber tido lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle houbera producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando no se xustifique que os interesados deberán as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Anque o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigacións do suxeito pasivo do imposto, no haberá lugar a devolución.

3.—Se o contrato queda sen efectos por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como al mutuo acordo estimarase o acordo n acto de conciliación e simple conformidade coa demanda.

4.—Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme as preescipcións contidas co Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que ésta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixírase o imposto, a reserva, ando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.

ARTIGO 11.—XESTIÓN

1.—Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no concello declaración-liquidación por este imposto contendo os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedendo debendo efectuarse o pago simultaneamente no mesmo acto da presentación da liquidación.

2.—Os prazos para presentar a declaración a realizar o correspondente ingreso serán:

- Cando se traten de actos intervivos, o prazo será de 30 días hábiles.
- Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de 6 meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.

3.—Á declaración acompañáraselle o documento no que consten os actos ou contratos que orixinen a imposición e calquera outro xustificativo, no seu caso, das exencións, ou bonificacións que o suxeito pasivo reclame como beneficiario. Asemade deberá adxuntar copia do último recibo satisfeito do I.B.I. relativo á finca ou inmovible transmitido.

4.—Están obrigados a comunicar ó concello a realización do feito impositivo nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

- Nas transmisións e nas constitucións de dereitos reais de goce limitativo de dominio a título lucrativo intervivos, o donante ou persoa que constitúa ou transmita o dereito.
- Nas transmisións e nas constitucións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

5.—Os notarios están obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que conterían os feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización dos feitos impositivos deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación de documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lle fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen perxuízo do deber xeral de colaboración previsto na Lei Xeral tributaria.

ARTIGO 12.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

No relativo á cualificacións de Infraccións tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, e restante normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 13.—DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.